

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, Ramón Vázquez Díaz, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández, Eva Solla Fernández e Xosé Manuel Beiras Torrado, deputados e deputada do Grupo Parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, relativa ao incendio acontecido na empresa Fandicosta de Moaña.**

O incendio acontecido esta semana na empresa Fandicosta de Moaña, veu a poñer en evidencia, unha vez máis, a desastrosa xestión dos operativos de emerxencia do país, froito das deficiencias do modelo de xestión decidido pola Xunta, a absoluta desregulación do mesmo, e a insistencia do Goberno en incentivar os centros privatizados sobre calquera outro. Durante o operativo púidose comprobar a inapropiada mobilización de medios, o incremento inaceptable dos tempos de resposta, así como a vulnerabilidade a que se expuxo á poboación ao deixar sen ningún operativo dispoñible aos concellos e contornas de onde se utilizaron os medios de extinción, o que se suma a inexistencia reiterada dun mando operativo único que poida coordinar estes operativos .

En Resumo, a decisión de primar a servizo privatizados, fortemente mermados de medios e persoal, fronte aos medios públicos puxo de manifesto a posta en risco de persoas e bens, pola decisión política de favorecer un tipo de modelo de emerxencia alleo ao interese xeral do país.

Dende Age denunciámos esta irresponsable actitude do Goberno galego e aproveitamos para poñernos a disposición dos traballadores e da compañía Fandicosta os que desexamos que se repoña a actividade industrial o antes posible, feito para o que poden contar co apoio deste grupo parlamentar para o que fose preciso.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:

¿Cal é a explicación que pode dar o Goberno galego á situación de gravísimas deficiencias detectadas con motivo do incendio da factoría de Fandicosta?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 12/05/2016 17:17:35

Eva Solla Fernández na data 12/05/2016 17:17:44

Anton Sánchez García na data 12/05/2016 17:17:52

Ramón Vázquez Díaz na data 12/05/2016 17:18:02

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 12/05/2016 17:18:12

Jose Javier Ron Fernandez na data 12/05/2016 17:18:16